



**PROCESO SELECTIVO
DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL
CONCELLO DE VIGO – OEP 2014-2015-2016
3º EXERCICIO – SUPOSTOS TEÓRICO PRÁCTICOS (14.10.2021)**

SUPOSTO PRÁCTICO NÚM. 1:

Hai 15 días a Traballadora social dunha UTS do Concello de Vigo recibe un parte da Policía Local no que lle comunican que Alejandra S.F de 40 anos vive nunha vivenda que parece non reunir as condicións de habitabilidade.

A raíz desta comunicación, a TS fala por teléfono brevemente con Alejandra e acordan que lle realizará unha visita ao domicilio ao día seguinte. Ese día, Alejandra non abre a porta. A T.S fala novamente con ela e acordan unha entrevista no despacho da UTS ao día seguinte. Ese día tampouco acude á cita. Noutras ocasións que a traballadora social se intenta comunicar con ela o teléfono non está operativo.

Hoxe, a T.S recibe un novo parte policial nos mesmos termos que o anterior. Ademais, indican que mentres a Policía estaba na vivenda, Alejandra se mostraba confusa e parecía inestable. A veciñanza alerta de que pasa o día na rúa e non é a primeira vez que a ven sentada na rúa bebendo alcohol con algún coñecido. A T.S trasládase á vivenda para intentar atopar nela a Alejandra e poder manter con ela unha entrevista no domicilio. Nesta ocasión a atopa na vivenda e manteñen unha conversa sobre a súa situación:

Alejandra percibiu RISGA pero se lle extinguiu a prestación porque deixou o seu domicilio anterior e nono comunicou aos servizos sociais. A vivenda actual era propiedade da súa nai, coa que nestes últimos anos non mantiña ningunha relación. A súa nai faleceu hai pouco e ela trasladouse á vivenda polo que é nova nesta zona. Actualmente non percibe ningún tipo de ingresos. Estivo a tratamento por consumo esporádico de drogas e alcohol. Na visita, a T.S observa que a vivenda non ten auga nin electricidade e o escaso mobiliario existente está moi deteriorado.

Durante a visita, Alejandra móstrase colaboradora, demanda axuda para arranxo da vivenda e para poder dispor de ingresos propios. Dí sentirse soa e laméntase de non recibir axuda.

CUESTIÓNS A DESENVOLVER:

Como traballadora ou traballador social de UTS de Vigo:

- 1.- Deseñe e desenvolva o plan de intervención social a curto, medio e longo prazo (2,5 puntos).**
- 2.- Indique as posibles dificultades que pode atopar a/o T.S. durante esta intervención e cómo abordalas (1 punto).**
- 3.- Indique e xustifique os recursos e servizos que considera procedentes para o proceso de intervención (1,5 puntos).**

(Os datos que non estean indicados no enunciado do suposto pode inventalos sempre e cando estean debidamente xustificadas e sexan coherentes co suposto dado)



**PROCESO SELECTIVO
DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL
CONCELLO DE VIGO – OEP 2014-2015-2016
3º EXERCICIO – SUPOSTOS TEÓRICO PRÁCTICOS (14.10.2021)**

SUPOSTO PRÁCTICO NÚM. 2:

Aurora é unha moza de 24 anos que acude á UTS. Reside coa súa parella, Manuel, de 25 anos, e dous fillos en común, de 7 e 4 anos, nunha vivenda en réxime de alugueiro dende hai tres meses pola que pagan unha mensualidade de 400 euros, ademais dos gastos de subministros e comunidade.

Pagaron as dúas primeiras mensualidades do alugueiro con axuda de familiares pero deben o mes en curso.

Manteñen unha convivencia inestable por frecuentes discusións que fan que ela marche tempadas cos seus pais, reiniciando posteriormente a convivencia, segundo afirma por insistencia das familias extensas de ambos. Este feito repetiuse tres veces nos últimos dous anos con consecuencias sobre a situación familiar, como perda da vivenda anterior por impago sendo desafiuzados hai 3 meses, denegación do Ingreso Mínimo Vital e cambios frecuentes na contorna dos nenos, que conlevan cambios de centro escolar, de hábitat, de referentes e de cuidadores, entre outros.

Aurora expresa que o motivo principal das discusións é o económico. Manuel obtén ingresos irregulares procedentes da recollida e venda de ferralla e a ela dalle unha parte para os gastos de alimentación (manifesta que non máis de 50 euros á semana). Ela descoñece cómo obtén él. Suplementa estes ingresos cun paquete de alimentos semanal que lle dan na Parroquia. Manifesta que no pasado percibiron a RISGA pero que se lle extinguiu ao rexeitar Manuel un emprego por conta allea.

Ambos abandonaron os estudos aos 16 anos sen acadar a titulación en ESO; con todo, Aurora garda un bo recordo do Instituto. Gustaríalle retomar os estudos pero non se sente apoiada nin por parte de Manuel nin da súa contorna. Manifesta carecer de familiares con estudos secundarios.

Afirma que os nenos requiren a maior parte da súa atención. Os describe coma nenos bos, pero moi inquietos, que non lle obedecen case nunca. Manifesta que a única forma de que fagan caso é deixándolles o móbil para xogar, o que fai con frecuencia para poder facer as tarefas domésticas. Recibe queixas continuas da titora do maior por non ser quen de estar sentado na clase e amolar aos compañeiros.

Aurora manifesta sentirse desbordada pola situación que está a vivir. Séntese angustiada polas frecuentes discusións co seu home, pola continua sensación de precariedade económica, a pesar do apoio dos seus pais e sogros, que perciben RISGA e tampouco poden axudalos máis; pola incapacidade de aportar ela economicamente ao terse que ocupar da casa o dos nenos como fixeron a súa nai e a súa sogra e polas continuas queixas do colexio en relación ao comportamento do seu fillo.


Non expresa unha demanda específica, solicita axuda para mellorar a súa situación. Manifesta que de non conseguilo non se sente capaz de seguir adiante.

CUESTIÓNS A DESENVOLVER:

Como traballadora ou traballador social de UTS de Vigo:

- 1.- **Elabora a planificación de caso no marco do proceso metodolóxico do traballo social, priorizando obxectivos e accións por desenvolver (2,5 puntos).**
- 2.- **Indique e xustifique os servizos e recursos a implementar, deseñando un sistema de traballo en rede para abordar este suposto (2,5 puntos).**

(Os datos que non estean indicados no enunciado do suposto pode inventalos sempre e cando estean debidamente xustificados e sexan coherentes co suposto dado)



The image shows several handwritten signatures in blue ink. A circular stamp is visible, containing the text "RECURSOS" at the top and "CONCELLO DE VIGO" at the bottom. The signatures are scattered across the page, with some overlapping the stamp.